

# ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS COMUNICACIONES PREVIAS E DECLARACIONES RESPONSABLES EN OBRAS E ACTIVIDADES E TRAMITACION DE LICENZAS URBANISTICAS NO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

## EXPOSICION DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos

no mercado interior, impón aos Estados membros a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 57 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, respectivamente, establece un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización. A transposición parcial ao ordenamento xurídico español realizado a través da Lei 17/2009, do 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, dispón que unicamente poderán manterse réximes de autorización previa cando así se estableza por Lei, cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados. En particular, considerarase que non está xustificada unha autorización cando sexa suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable do prestador, para facilitar, se cómpre, o control da actividade.

En España, a incorporación produciuse mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE do 24/11/2009) . Ademais, as Cortes aprobaron a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio citada (BOE do 23/12/2009) . Esta lei modificou, entre outras normas, o artigo 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando redactado do seguinte modo:

“As entidades locais poderán intervir a actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

- a) Ordenanzas e bandos.
- b) Sometemento a licenza previa e outros actos de control preventivo, sen prexuízo das excepcións previstas na lexislación de aplicación.
- c) Sometemento a comunicación previa ou a declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) Sometemento a control posterior ao inicio da actividade e execución de obra, para os efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora de dita actividade ou obra.
- e) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición deste”.

Ademais, engadiu o artigo 71 bis á Lei 30/1992, do 26 de novembro, relativo á declaración responsable e á comunicación.

Posteriormente a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía sostible, engadiu un novo artigo 84 bis á lei 7/1985, onde establece basicamente, e sen prexuízo do disposto no artigo 84 que, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Finalmente, esta lei engade un artigo 84 ter coa seguinte redacción: “Cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio de dita actividade polos interesados previstos na lexislación sectorial”.

Regulamentariamente, modificouse mediante o Real decreto 2009/2009, do 23 de decembro, o parágrafo 1 do artigo 22 do Regulamento de servizos das entidades locais, quedando coa seguinte redacción: “A apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse aos medios de intervención municipal, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local e na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio”.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, no seu artigo primeiro, apartado vinte, dálle unha nova redacción ao artigo 84 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, establecendo que con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderá esixirse unha licenza ou outro medio de control preventivo respecto a aquelas actividades económicas:

a) Cando estea xustificado por razóns de orde público, seguridade pública, saúde pública ou protección do medio ambiente no lugar concreto onde se realice a actividade, e estas razóns non poidan salvagardarse mediante a presentación de unha declaración responsable ou de unha comunicación previa.

b) Cando pola escaseza de recursos naturais, a utilización do dominio público, a existencia de inequívocos impedimentos técnicos ou en función da existencia de servizos públicos sometidos a tarifas reguladoras, o número de operadores económicos do mercado sexa limitado.

No ámbito autonómico, a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG 29/12/2010) , establece un marco xurídico para o desenvolvemento da actividade comercial en Galicia. Esta norma dispón que as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais nin ao informe da consellería titular da competencia de sanidade estarán exentas da obtención de licenza municipal, bastando para o inicio desta a presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable (artigo 28).

Posteriormente, o Real decreto-lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos elimina todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde pública, ligados a establecementos comerciais e outros que se detallan no seu anexo cunha superficie de ata 300 metros cadrados. A devandita flexibilización esténdea tamén a todas as obras ligadas ao acondicionamento de locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra, de conformidade coa Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.

A Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, derogou o antedito Real decreto-lei e introduciu na súa disposición adicional terceira adicada ás instalacións de redes públicas de comunicacións electrónicas a previsión de que as disposicións contidas no Título I da Lei aplicaranse ás estacións ou instalacións radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, a excepción daquelas nas que concorran as

circunstancias referidas no artigo 2.2 da devandita lei, ocupen unha superficie superior a 300 metros cadrados, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos.

A presente Disposición esténdese sen prexuízo da aplicación a ditas instalacións do establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, e a súa normativa de desenvolvemento.

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización ven a ratificar esa

dinamización e simplificación nos trámites respecto ás actividades que se viñan facendo nos últimos anos coa finalidade de impulsar as actividades e comercio, ampliando as actividades que se inclúen no anexo da Lei 12/2012 e a superficie ata 500 metros cadrados.

A Lei 9/2013, do 12 de decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia da un paso máis respecto ás actividades, establecendo un réxime xurídico único e con carácter xeral a supresión da necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial. Establecendo como modelo o de comunicación previa, estendendo dito modelo ás licenzas de obras, de xeito que se establece tamén o réxime xeral de comunicación previa xunto coa reserva para a licenza naqueles casos en que unha norma estatal así o esixe, singularmente a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e o artigo 23 do Real decreto-lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

Como consecuencia, este Concello, dentro das medidas de adaptación á nova normativa, mediante a presente Ordenanza, pretende facilitar e facultar a posta en marcha de actividades económicas así como a realización de actos de uso do solo e do subsolo que non requiran unha licenza previa, co fin de estender a eliminación de trabas e axilización administrativa a outras actividades, de xeito que poderán iniciarse sen previa licenza municipal desde o mesmo día da presentación da comunicación previa, sen necesidade de esperar á finalización do control municipal, o cal se mantén aínda que se articule a posteriori.

Polo tanto, en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal, dítase a presente Ordenanza, previa observancia da tramitación establecida para ese fin polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## TÍTULO I.—DISPOSICIÓNS XERAIS

### ARTIGO 1.—OBJECTO.

1.—A presente ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención e control do Concello de Ortigueira nos casos de obras e actividades que pola súa entidade,

incidencia no contorno urbanístico ou no ambiente teñan que someterse, dependendo do caso, ao réxime de licenza ou comunicación previa.

Asemade, establece as disposicións xerais necesarias para facilitar a liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos, planificando os novos procesos de comunicación necesarios e o seu control posterior e simplificando, en xeral, os procedementos xa establecidos

2.–A ordenanza dítase en desenvolvemento da lexislación de réxime local, da Directiva de servizos 2006/123 CE e da normativa estatal e autonómica.

#### ARTIGO 2.–ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Están sometidos ao ámbito de aplicación desta ordenanza todo tipo de actos de edificación e uso do solo e subsolo, así como o exercicio de actividades ou servizos que esixan a intervención da administración en execución da súa función de policía na orde urbanística e ambiental, coa finalidade de verificar o axuste ao planeamento, normas urbanísticas, en materia de seguridade, sanitaria, ambiental e demais que resulten esixibles.

#### ARTIGO 3.–MEDIOS DE INTERVENCIÓN NA ACTIVIDADE URBANÍSTICA.

1.–O Concello de Ortigueira poderá intervir na actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

a) Ordenanzas e bandos.

b) Sometemento a licenza previa e outros actos de control preventivo, sen prexuízo das excepcións previstas na lexislación de aplicación.

c) Sometemento a comunicación previa ou declaración responsable de conformidade co no artigo 71 bis da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común

d) Sometemento a control posterior ao inicio da actividade, para os efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora.

e) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a súa prohibición.

A actividade de intervención axustarase en todo caso, aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade en relación co fin que se persegue.

2.–As licenzas ou autorizacións outorgadas por outras administracións públicas non eximen os seus titulares de presentar as correspondentes comunicacións previas, declaracións responsables ou, no seu caso, obter as correspondentes licenzas municipais, respectándose en todo caso o disposto nas correspondentes leis sectoriais.

3.–Naqueles casos nos que a actuación pretendida pola ou polo/a interesado/a requira dalgunha autorización, cualificación, ou informe favorable doutra administración pública distinta da municipal, que resulte esixible pola lexislación sectorial aplicable, o outorgamento da licenza urbanística ou no seu caso, a presentación da comunicación previa ou declaración, responsable

requirirá a previa emisión e incorporación ao expediente da dita autorización, cualificación ou informe que no caso de obras e actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable deberase aportarse xunto coa documentación

4.–Con carácter xeral, suprímese a necesidade de obter licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como para a execución das obras cualificadas como menores, suxeitándose ao réxime xeral de comunicación previa ou declaración responsable. Non obstante, someterase a licenza ou control preventivo aquelas actividades que afecten á protección do medio ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público ou en calquera outro caso en que a norma estatal ou autonómica así o esixe

#### ARTIGO 4.–DEFINICIÓNS.

Aos efectos desta Ordenanza entenderase por:

1. Actividade económica: toda aquela actividade industrial ou mercantil consistente en produción de bens ou prestación de servizos conforme ao previsto no art. 22.1 do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais.
2. Servizo: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración, contemplada no artigo 50 do Tratado da Comunidade Europea.
3. Declaración responsable: o documento suscrito pola persoa titular de unha actividade empresarial ou profesional no que declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade.
4. Comunicación previa: documento mediante o cal os/as interesados/as poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou inicio dunha actividade ou obra menor, consonte o establecido coa normativa de procedemento administrativo.
5. Autorización ou licenza: acto regrado da autoridade municipal competente pola cal, tras a comprobación das condicións establecidas pola normativa aplicable, autorízase ao/a solicitante para o exercicio dun dereito preexistente á edificación ou exercicio de actividades.

#### ARTIGO 5.–Normas comúns para o desenvolvemento das actividades.

1.–As persoas responsables das actividades e establecementos están obrigadas a desenvolverlas e mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade, acústicas, accesibilidade e calidade ambiental, reducindo a posible afección dos espazos públicos e empregando as mellores técnicas dispoñibles, que se é o caso, resultaren necesarias para o cumprimento das condicións expresadas

#### ARTIGO 6.–ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Estarán suxeitas a comunicación previa de conformidade coa normativa que resulte de aplicación:

1. Os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.
2. A realización de obras de apontoamento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas.
3. Calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como as actividades recreativas e espectáculos públicos, agás nos casos en que por razóns de interese xeral sexa necesaria a obtención de licenza municipal en aplicación da lexislación estatal e/ou autonómica, incluídas as obras de adaptación de locais que non requiran de redacción dun proxecto de obra , de conformidade ca Lei de ordenación da edificación.
4. Cambios de titularidade de licenzas de obras.
5. Cambios de titularidade de licenzas de actividade vixente. Para estes efectos non se consideran en vigor as licenzas que teñan declaración expresa de caducidade, revogación ou renuncia.
6. modificación na clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.
- 7 As actividades sometidas ós procedementos de avaliación de incidencia ambiental, así como as sometidas a autorización comercial autonómica.

#### ARTIGO 7.–ACTOS SUXEITOS A LICENZA URBANISTICA.

1.–Quedarán suxeitas a previa licenza municipal de obra, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e subsolo:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados, ou aqueles que polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos merezan protección de acordo coa lexislación aplicable.
- c) As demolicións.
- d) Os muros de contención de terras.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) Os parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.
- g) A primeira ocupación de edificios.

h) A ubicación de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.

i) A tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a devandita tala derive da lexislación de protección do dominio público.

2.–Quedarán suxeitos ao réxime de licenza de actividade, os espectáculos públicos e actividades recreativas cando concorran razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e do patrimonio histórico artístico seguintes:

a) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.

b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.

c) A celebración dos espectáculos públicos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas moviles.

c) A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan no Concello de Ortigueira e outro u outros colindantes.

d) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.

e) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización.

#### ARTIGO 8.–ACTOS NON SUXEITOS A LICENZA URBANÍSTICA.

Non será esixible licenza urbanística nos seguintes supostos:

1. Os parcelamentos, segregacións, modificacións ou calquera outro acto de división de fincas ou predios efectuadas en virtude de proxectos de compensación, equidistribución ou similar.

2. A demolición de construcións declaradas en ruína ou de pequeno tamaño, salvo que pola entidade das obras se esixa da solicitude de licenza acompañada do corresponde proxecto técnico.

3. As obras de apontoamento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas.

4. As obras derivadas dunha orde de execución, salvo que pola entidade das obras se esixa da solicitude de licenza acompañada do correspondente proxecto técnico.

5. As obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística, salvo que pola entidade das obras se esixa da solicitude de licenza acompañada do correspondente proxecto técnico.

6. As obras de urbanización previstas nos proxectos de urbanización.
7. As obras e actividades suxeitas aos procedementos de comunicación previa.
8. As actuacións urbanísticas promovidas polo Concello de Ortigueira no seu propio termo municipal, sen prexuízo do disposto na lexislación vixente.
9. As obras públicas eximidas expresamente pola lexislación sectorial ou a de ordenación do territorio.
10. Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal ou autonómica.

#### ARTIGO 9.–ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DE PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO.

1. Cando as actuacións urbanísticas se realicen por particulares en terreos de dominio público, esixirase a licenza urbanística ou comunicación previa, independentemente das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da administración titular do dominio público.
2. Cando a autorización ou concesión sobre terreos de dominio público corresponda a administración municipal e no procedemento de outorgamento da concesión ou autorizacións se tivese constatado a adecuación do proxecto á normativa urbanística e sectorial aplicable, cumpríndose os trámites esixibles, as licenzas de obras e de actividade entenderanse outorgadas na propia resolución que estableza a autorización ou a concesión.
3. A denegación ou ausencia de autorización ou concesión impedirá ao particular obter a licenza e ao órgano competente outorgala.
- 4 Para a ocupación da vía pública como consecuencia da execución de obras, deberáse solicitar autorización municipal, coa licenza municipal ou posteriormente á concesión de ésta, e, no caso de obras suxeitas ao réxime de comunicación previa, previamente ou simultaneamente á presentación desta, non podendo iniciar a execución das obras ata tanto non se obteña a autorización municipal da ocupación da vía pública.
5. A execución das obras en dominio público respectará os servizos municipais existentes, calquera dano ocasionado na vía pública comportará a obriga do seu resarcimento polo titular da obra, debendo previamente á concesión da licenza de obra ou coa presentación da comunicación previa, no seu caso, aportar garantía suficiente (aval ou depósito en metálico) para responder dos posibles danos.
- 6.- A licenza concedida ou a comunicación previa presentada outórgase en precario, e no caso de que por calquera actuación futura no vial as obras obxecto da licenza ou comunicación previa impidan o ensanche do mesmo, a instalación, reparación ou mellora dos servizos municipais, as modificacións ou traslados necesarios serán por conta do titular da licenza ou comunicación previa presentada, no seu caso, sen dereito a percibir indemnización.

#### ARTIGO 10.–CRITERIOS INTERPRETATIVOS NO SOMETEMENTO AOS PROCEDEMENTOS ANTERIORES.



Para a execución das obras ou para o exercicio de actividades as e os interesados terán que axustarse ao procedemento de licenza ou comunicación previa nos termos dispostos nesta ordenanza.

Cando algunha das actuacións que se pretenden executar non se axustaran a algúns dos supostos establecidos nos anexos desta ordenanza, asimilárase coa que presente maior coincidencia, aplicándolle o seu réxime.

#### ARTIGO 11.–ERRO NA CUALIFICACIÓN DO ESCRITO ACHEGADO.

1.–O erro na cualificación do escrito achegado pola persoa interesada na elección dalgúns dos procedementos de sometemento a licenza ou no de comunicación previa, non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter.

O Concello notificaralle á ou ao interesado para lle facer constar tal circunstancia e, no seu caso, requirirá a documentación que sexa precisa para a continuación do procedemento que corresponda.

2.–Cando a persoa interesada presentase ante o concello unha comunicación previa sendo o réxime aplicable o da licenza, advertiráselle que non poderá executar a obra ou iniciar a actividade ata que obteña a preceptiva licenza.

Se iniciase a actividade requiriráselle para que proceda de inmediato á súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

No caso de que se executasen obras non incluídas no réxime de comunicación previa requiriráselle para que proceda de inmediato á súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

3.–Cando a persoa interesada solicitase ante o concello unha licenza cando o réxime aplicable é o de comunicación previa, notificaráselle para lle sinalar que debe de achegar a documentación correspondente e que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade en tanto non presente a devandita documentación.

#### ARTIGO 12.–RESPONSABILIDADES.

1.–As e os técnicos asinantes da documentación técnica achegada son responsables da súa calidade e axuste ás normas que sexan aplicables en cada caso.

2.–A dirección facultativa das obras e instalacións proxectadas (director/a de obra e director/a de execución, segundo as súas competencias) é responsable da conformidade da obra ca documentación técnica aprobada, coas normas aplicables e, en ausencia de regulamentación e instrucións específicas, coas normas técnicas de recoñecemento xeral e bo facer técnico e construtivo.

3.–As e os técnicos asinantes das certificacións que se acheguen serán responsables da exactitude e da veracidade contida nelas.

4.–As e os titulares e promotores son responsables durante o desenvolvemento das actividades, do cumprimento das determinacións contidas na documentación técnica consonte coa cal foron

concedidas as licenzas ou, na documentación técnica anexa á comunicación previa, así como da efectiva instalación e cumprimento das condicións impostas pola administración municipal ou outra autoridade competente.

## TÍTULO II.—INFORMACIÓN URBANÍSTICA E PROCEDEMENTOS PREVIOS

### ARTIGO 13.—NORMAS COMÚNS AOS ACTOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.—A contestación da información urbanística ou consulta urbanística común e especial, non exime do deber de comunicación previa ou de obter a licenza urbanística correspondente.

2.—Nin a contestación as consultas urbanísticas, común e especial, nin a cédula urbanística terá efecto vinculante para a Administración municipal. Asemade contra elas non cabe a interposición de recurso ningún.

### ARTIGO 14.—INFORMACIÓN URBANÍSTICA ou CONSULTA URBANÍSTICA COMÚN.

1. Poderanse formular consultas por escrito relativas á situación urbanística dunha determinada parcela, soar, inmovible ou local, así como dos actos ou usos do solo o subsolo permitidos e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación de que se trate.

2. A consulta será contestada nun prazo máximo de dous meses, unha vez presentada no rexistro a solicitude acompañada do xustificante do abono da taxa correspondente.

Nos casos de consultas relativas a unha parcela ou inmovible a solicitude deberá ir acompañada da referencia catastral do inmovible ou parcela e dun plano, realizado sobre Cartografía Oficial, no que se sinalen a forma e superficie da parcela ou inmovible obxecto da consulta.

### ARTIGO 15.—CONSULTA URBANÍSTICA ESPECIAL.

1. As persoas interesadas poderán formular consultas urbanísticas especiais para resolver as dúbidas de interpretación que lles poida suscitar a aplicación dun ou varios preceptos da normativa urbanística presentando propostas técnicas sobre unha actuación urbanística concreta.

2. A consulta poderá acompañarse dunha ou varias propostas. En todo caso, a documentación aportada deberá vir asinada por técnico/a competente, e ser suficiente para coñecer e valora-la cuestión técnica presentada; noutro caso poderase instar á persoa interesada para que complete ou aclare o seu contido.

3. Se ningunha das propostas técnicas fose conforme á normativa urbanística, os servizos técnicos municipais poderán informar ao solicitante das rectificacións precisas.

4. A resposta deberá ser ratificada polo órgano competente para autorizar o futuro proxecto.

5. A contestación da consulta deberá producirse no prazo máximo de tres meses. Non en tanto, o prazo será interrompido nos casos nos que deba de recabarse informe ou ditame preceptivo.

## TÍTULO III.—MEDIOS DE INTERVENCIÓN E TIPOS DE PROCEDEMENTO

### CAPÍTULO I.—DISPOSICIÓN COMÚNS A TODOS OS PROCEDEMENTOS

#### ARTIGO 16.—NORMATIVA.

As solicitudes de licenzas ou comunicacións previas axustaranse aos procedementos sinalados nesta ordenanza que se aplicarán consonte ás disposicións establecidas na normativa de procedemento administrativo, ás especialidades contidas na lexislación local, urbanística e ambiental de Galicia, sen prexuízo do establecido por outras normas de rango superior a presente ordenanza.

#### ARTIGO 17.—CLASES DE PROCEDEMENTO.

A intervención urbanística no termo municipal do Concello de Ortigueira tramitarase polos seguintes procedementos:

- Comunicación previa.
- Procedemento de obtención de licenza.

#### ARTIGO 18.—DEREITOS DOS SOLICITANTES.

As persoas solicitantes nos procedementos urbanísticos terán os dereitos establecidos con carácter xeral na normativa de aplicación, entre outros, os seguintes:

- Á tramitación do procedemento sen dilacións indebidas.
- A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos e técnicos que a normativa impón aos proxectos, actuacións ou solicitudes, comunicacións ou declaracións que as persoas interesadas pretendan realizar.
- A utilizar medios electrónicos na tramitación dos procedementos.
- A non presentar documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate ou que xa obren no poder dos servizos municipais.
- A coñecer, en calquera momento, o estado de tramitación do procedemento no que teñan a condición de interesado/a e a obter copia dos documentos contidos nel.
- A que as resolucións denegatorias das licenzas estean debidamente motivadas.
- A presentar queixas, reclamacións e suxestións sobre o funcionamento dos servizos.

#### ARTIGO 19.—DEBERES DOS SOLICITANTES.

As persoas solicitantes nos procedementos urbanísticos terán os deberes establecidos con carácter xeral na normativa de aplicación, entre outros, os seguintes:

- Presentar a documentación completa esixible.
- Atender os requirimentos municipais de corrección de deficiencias ou reparos, tanto formais como materiais, derivados das solicitudes de licenzas ou comunicacións previas
- Dispoñer xunto á obra, no caso de obras maiores, de copia autorizada da licenza municipal e a colocación de cartel indicador cos datos que se mencionan no artigo 17.3 do Real decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia ou norma que o substitúa.
- Ter a disposición dos servizos municipais a comunicación previa, facilitando o acceso á obra ou local ao persoal dos devanditos servizos, para inspeccións e comprobacións sobre o cumprimento da normativa aplicable.
- Reflectir á entrada do local, en lugar ben visible, o aforo máximo autorizado para o local xunto coa actividade concedida, sempre que se impoña como condicionante da licenza.
- Realizar os trámites nos prazos establecidos, téndoselles por decaídos no seu dereito ao trámite correspondente en caso contrario. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais se se producise antes ou dentro do día en que se lle notifique a resolución na que se teña por transcrido o prazo.
- Notificar a data de iniciación das obras.
- Exhibir no interior dos establecementos orixinal ou copia do título acreditativo da licenza ou comunicación previa.
- Iniciar e executar as obras nos prazos establecidos pola normativa vixente.

#### ARTIGO 20.–MODELOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.–A Alcaldía do Concello de Ortigueira aprobará e terá actualizados modelos de solicitude de licenza polos procedementos de concesión de licenza e comunicación previa, que han ser publicados para o seu xeral coñecemento, entre outro medios, na sede electrónica e páxina web do Concello de Ortigueira

2.–A presentación de solicitudes e demais documentación poderá efectuarse en soporte papel ou electrónico consonte co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ou norma que o substitúa.

3.–A presentación de proxectos ou documentación técnica en soporte electrónico realizarase en arquivos en formato PDF e asinados dixitalmente

4.- A presentación en soporte papel poderá realizarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da lei 30/1992, do 6 de novembro, de rexime xuridico das administracións públicas e do procedemento administrativo comun.

## ARTIGO 21.–SOLICITUDE DE LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA.

O procedemento de tramitación de licenzas urbanísticas ou comunicación previa iniciarase mediante modelo ou solicitude normalizada para o que ha de se achegar a documentación correspondente en cada caso.

No acto de presentación da solicitude ou comunicación previa, os servizos competentes verificarán a integridade da documentación achegada, dende o punto de vista formal, sen prexulgar o seu contido.

## ARTIGO 22.–EXECUCIÓN DE OBRAS E EXERCICIO DE ACTIVIDADES.

1.–A execución das obras e o exercicio de actividades cumprirán as disposicións vixentes en materia de edificación, infraestruturas, seguridade e saúde no traballo. As dimensións e características das obras e actividades non excederán das comunicadas ou autorizadas; considerase infracción urbanística calquera extralimitación destas.

2.–As condicións manifestadas ao concello deben de manterse durante a execución de obras e exercicio da actividade, coa obriga de que de producírense cambios nas obras ou actividade deberán de poñerse en coñecemento da administración local a través dos procedementos oportunos.

## CAPÍTULO II.–DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS NA TRAMITACIÓN DE COMUNICACIÓNS PREVIAS

### ARTIGO 23.–REGULACIÓN DO PROCEDEMENTO.

O acto de control e intervención da Administración municipal, nos supostos previstos no artigo 6 da presente ordenanza, axustarase ao seguinte procedemento:

a) A comunicación previa deberá efectuarse en documento normalizado pola persoa interesada en iniciar unha actividade ou obra, ou a través de representante autorizado, acompañado da documentación que para cada actuación concreta se especifique, de acordo co Anexo da presente ordenanza.

b) A presentación do impreso normalizado, acompañado dos documentos esixidos na presente Ordenanza, determinarán a iniciación do procedemento, rexéndose a mesma, así como a ordenación, instrución e finalización de éste polas disposicións xerais do Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) O rexistro da documentación completa no órgano competente para coñecer da actuación de que se trate, equivalerá á toma de coñecemento por parte da Administración municipal.

d) As actuacións comunicadas respecto ás actividades que non requiran a execución de obras, poderán iniciarse dende a mesma data da súa posta en coñecemento na Administración ou a data que sinale expresamente a persoa interesada na comunicación previa, sempre e cando a documentación estea completa nos termos establecidos na presente Ordenanza e lexislación aplicable, e a actuación se axuste ao ordenamento xurídico.

e) As actuacións comunicadas respecto ás actividades que requiran da execución de obras, non poderán iniciarse ata tanto o interesado/a non comunique o inicio da actividade mediante o modelo normalizado.

f) No caso de execución de obras, o promotor dos actos de uso do solo e do subsolo presentará a comunicación previa ao concello cunha antelación mínima de quince días ao da data en que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución.

#### ARTIGO 24.–TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCION DE OBRAS

A comunicación previa deberá ir acompañada da documentación xunto cos modelos que se sinalan no Anexo á presente Ordenanza.

Analizada a documentación e en función da adecuación ou non do seu contido ao ordenamento urbanístico, ás prescricións da presente ordenanza e ás demais lexislacións aplicable, a tramitación dos actos comunicados axustarase ás seguintes regras:

1.–Cando a actuación comunicada posúa toda a documentación esixida, ésta producirá os efectos establecidos na normativa de aplicación, e transcorrido o prazo de 15 días sinalado no último parágrafo do artigo anterior, a comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección.

2.–Cando a comunicación achegada sexa insuficiente ou incorrecta, dentro do prazo de 15 días seguintes ao da comunicación, notificaráselle á persoa interesada para que se absteña de executar a súa actuación, concederáselle un prazo de 10 días para emendar documentación presentada. De non atender aos requirimentos anteriores, procederase ao arquivo do expediente sen mais trámite, todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionador previstos na lexislación.

3.–Dentro do prazo dos 15 días seguintes ao da comunicación ou do da emenda de deficiencias, o Concello, poderá declarar completa a documentación presentada, no caso de que o interesado así o solicitara.

4.–Cando se estime que á actuación comunicada non está incluída entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo non superior a 15 días seguintes ao da comunicación, notificaráselle ao/a solicitante coa indicación de que se absteña de executar a actuación, procedendo, de ser o caso, a continuación da tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenza.

5.–Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente e demais normativa de obrigado cumprimento, no prazo de 15 días seguintes ao da comunicación, notificaráselle esta circunstancia a/ao solicitante indicando que debe de absterse de executar a súa actuación; concederáselle trámite de audiencia polo prazo de 10 días, con carácter previo ao arquivo do expediente, todo isto sen prexuízo, de que se executase a obra, adoptaranse motivadamente as medidas provisorias que se entendan oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionador previstos na lexislación. O Concello ditará a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación do acto ou actos á ordenación

urbanística dentro dos 15 días seguintes ao da adopción de calquera medida provisional, producindo os efectos propios da licenza urbanística.

6.–Cando deban de realizarse diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmovible, presentarase unha única comunicación previa.

7.–A execución das obras cumprirán as disposicións vixentes en materia de edificación, infraestruturas, seguridade e saúde no traballo, e as dimensións e características das obras non excederán das comunicadas, considerándose infracción urbanística calquera extralimitación destas.

8.–As condicións manifestadas ao Concello deben de manterse durante a execución das obras, coa obriga de que de producírense cambios nas obras deberán de poñerse en coñecemento da Administración a través dos procedementos oportunos.

De producírense cambios ou modificacións que requiran de licenza ou comunicación previa, non poderán executarse ata tanto non conte coa preceptiva licenza ou presente a comunicación previa, caso contrario, adoptaranse as medidas de restauración da legalidade e/ou sancionadoras que establece a normativa.

#### ARTIGO 26.–TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE OU APERTURA DE ESTABLECEMENTO.

Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura de establecemento, os interesados presentarán ante o Concello a documentación xunto co modelo correspondente que se sinalan no anexo da presente Ordenanza.

Analizada a documentación, e en función da adecuación ou non do seu contido ao ordenamento urbanístico, ás prescricións da presente ordenanza e ás demais lexislacións aplicable, a tramitación dos actos comunicados axustarase ás seguintes regras:

1.–Cando a actuación comunicada se adecúe ao ordenamento xurídico e ás prescricións desta ordenanza, ésta producirá os efectos establecidos na normativa de aplicación, constituíndo título habilitante para o inicio da actividade, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección.

2.–Cando a comunicación achegada sexa insuficiente ou incorrecta, dentro do prazo de 15 días seguintes ao da comunicación, notificaráselle á persoa interesada para que se absteña de iniciar a súa actividade, concederáselle un prazo de 15 días para emendar a documentación presentada. De non atender aos requirimentos anteriores, procederase ao arquivo do expediente sen mais trámite, todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionador previstos na lexislación.

3.–Dentro do prazo dos 15 días seguintes ao da comunicación ou do da subsanación de deficiencias, o Concello, poderá declarar completa a documentación presentada, no caso de que o interesado así o solicitara.

4.–Cando se estime que actuación comunicada non está incluída entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo non superior a 15 días seguintes ao da comunicación, notificaráselle ao/a solicitante coa indicación de que se absteña de iniciar a

actividade, procedendo, de ser o caso, a continuación da tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenza.

5.–Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente e demais normativa de obrigado cumprimento, no prazo de 15 días seguintes ao da comunicación, notificaráselle esta circunstancia a/ao solicitante indicando que debe de absterse de iniciar a actividade; concederáselle trámite de audiencia polo prazo de 10 días, con carácter previo ao arquivo do expediente, todo isto sen prexuízo, de que se executase a obra, adoptaranse motivadamente as medidas provisorias que se entendan oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionador previstos na lexislación urbanística.

6.–A implantación de actividades cumprirán as disposicións vixentes en materia de edificación, infraestruturas, seguridade e saúde no traballo, e as dimensións e características das actividades non excederán das comunicadas, considerándose infracción urbanística calquera extralimitación destas.

7.–As condicións manifestadas ao Concello deben de manterse durante a realización da actividade, coa obriga de que de producírense cambios na actividade deberán de poñerse en coñecemento da Administración a través dos procedementos oportunos. De producírense cambios ou modificacións que requiran de licenza ou comunicación previa, non poderán executarse ata tanto non conte coa preceptiva licenza ou presente a comunicación previa, caso contrario, adoptaránse as medidas de restauración da legalidade e/ou sancionadoras que establece a normativa.

#### ARTIGO 27.–TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE OU MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DE ACTIVIDADE OU DA APERTURA DO ESTABLECEMENTO SUXEITA A AVALIACIÓN AMBIENTAL.

Respecto das actividades suxeitas a avaliación ambiental, o solicitante deberá presentar ante o Concello previo ao inicio da actividade ou modificación substancial a documentación xunto co modelo correspondente que se sinalan nos anexos da presente ordenanza para cada unha das actividades, acompañando a autorización ou declaración ambiental que proceda segundo a lexislación aplicable. O procedemento para a obtención da autorización ou declaración ambiental correspondente será o previsto na lexislación específica.

#### ARTIGO 28.–TRAMITACIÓN CONXUNTA DE OBRAS E ACTIVIDADES.

Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación correspondente á actividade de que se trate, presentarase xunto co modelo debidamente cuberto coa comunicación previa da obra prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procedera ésta. Logo de rematar a obra presentarase comunicación previa de inicio de actividade.

#### ARTIGO 29.–CAMBIOS DE TITULARIDADE EN OBRAS E ACTIVIDADES COMUNICADAS.

1.–En ningún caso serán susceptibles de cambio de titularidade as obras e actividades comunicadas que deberan ser obxecto dunha nova comunicación previa para o inicio da actividade ou execución das obras.



2.–Quen exerza a nova titularidade deberá presentar ante o Concello a documentación xunto co modelo correspondente que se sinalan nos anexos da presente Ordenanza. Non en tanto, e sempre que se acredite o consentemento do anterior titular da actividade ou obra comunicada non será preciso presentar de novo a documentación xa achegada anteriormente, sempre que non se alterasen as condicións relativas á normativa de aplicación, nin as condicións e medidas manifestadas que habilitaron a execución das obras ou inicio de actividade.

3.–En ningún caso, producirán efecto as comunicacións previas de cambio de titularidade respecto de locais ou inmobles nos que cesase a actividade por tempo superior ininterrompido de un (1) ano, o cal deberá cumprimentarse expresamente no modelo do anexo do cambio de titularidade.

4.–Cando se produza unha modificación na actividade, nos casos de cambio de clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade, ou perigosidade do establecemento, deberá ser obxecto dunha nova comunicación previa ou licenza de actividade, no seu caso, coa documentación completa esixida.

5.–As comunicacións previas serán transmisibles nos termos establecidos na normativa de aplicación. O/A novo/a titular deberá comunicalo por escrito ao Concello de Ortigueira, de acordo cos modelos do Anexo, facendo expresa referencia á licenza que quere adquirir, sen o cal quedarán ámbolos dous (transmitente e adquirente) suxeitos ás responsabilidades derivadas da actuación.

#### ARTIGO 30.–EFECTOS DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS.

1.–A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade ou executar unha obra, senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade/obra e posibilitar un control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

2.–As actuacións comunicadas producirán efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. Realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3.–As comunicacións previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a presente ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a administración municipal.

4.–A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo da audiencia do interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada ou da execución da obra dende o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

5.–O incumprimento sobrevido das condicións de comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa de ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo da audiencia do interesado.

#### ARTIGO 31.–PRAZOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

As obras poderán iniciarse de forma inmediata, non obstante:

1.–Os prazos para iniciar as obras sometidas a comunicación previa serán os establecidos na lexislación urbanística e no Planeamento municipal. Unha vez transcorridos, sen que se levaran a cabo as actuacións para a que foi presentada a comunicación ou ben non se remataran éstas, producirase a extinción, previa audiencia ao interesado, do dereito que lle asiste, e no caso de querer iniciar ou continuar as obras, deberá presentar de novo unha comunicación previa con toda a documentación necesaria.

2.–Non se admitirá ningún tipo de prórroga naquelas actuacións urbanísticas que se tramiten a través de comunicación previa, agás paralización das mesma por forza maior ou xusta causa.

#### ARTIGO 32.–EXTINCIÓN DOS EFECTOS DERIVADOS DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS PRESENTADAS PARA O INICIO DE ACTIVIDADE/OBRA.

Poderán dar lugar á extinción dos efectos derivados das comunicacións previas:

a) A renuncia expresa da/o titular, comunicada por escrito á Administración municipal, e aceptada por ésta.

b) A revogación ou anulación nos casos establecidos e conforme aos procedementos sinalados na normativa aplicable.

c) A caducidade, nos casos establecidos na lexislación urbanística.

#### ARTIGO 33.–CADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADE.

1.–Poderán declararse caducadas as comunicacións previas para o desenvolvemento dunha actividade polas seguintes circunstancias:

a) Non poñer en marcha a actividade no prazo de tres meses dende a presentación da comunicación previa.

b) A inactividade ou peche por período superior a un ano, por calquera causa, agás que a mesma sexa imputable á Administración ou ao necesario traslado temporal da actividade debido a obras de rehabilitación, en cuxo caso non se computará o período de duración de aquelas.

2.–A declaración de caducidade corresponderá ao Alcalde, e poderá acordarse de oficio ou a instancia do interesado, previa audiencia da persoa responsable da actividade, unha vez transcorridos e incumpridos os prazos aos que se refire o apartado anterior, aumentados coas prórrogas, que no seu caso, se concederan.

3.–A declaración de caducidade extinguirá a comunicación previa, non podéndose exercer a actividade se non se solicita e obtén unha nova axustada á ordenación urbanística vixente. En

consecuencia, as actuacións amparadas na comunicación previa caducada considéranse como non autorizadas dando lugar ás responsabilidades correspondentes.

4.–Antes do transcurso dos prazos que poidan dar lugar á caducidade, poderá solicitarse prórroga da súa vixencia, por unha soa vez e de forma xustificada, e por un prazo non superior á metade do inicialmente previsto.

### CAPÍTULO III.–DISPOSICIÓN COMÚNS Á TRAMITACIÓN DE LICENZAS

#### ARTIGO 34.–TIPOS DE PROCEDIMENTOS.

As solicitudes de licenza, consonte á súa incidencia urbanística e complexidade técnica, tramítanse de acordo coa lexislación urbanística e sectorial aplicable, o disposto na presente ordenanza e anexos, segundo os procedementos simplificado e ordinario,

#### ARTIGO 35.–SUBSANACIÓN E MELLORA DA SOLICITUDE.

No momento de achegar a solicitude, e realizada a verificación documental se esta non reúne os requisitos ou se a documentación estivese incompleta requirírase a persoa interesada para que no prazo de 10 días corrixa a falta ou achegue a documentación preceptiva con indicación de que de non facelo así teráse por desistido na súa petición.

#### ARTIGO 36.–REQUISITOS PARA CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS.

1.–O transcurso do prazo máximo para ditar resolución expresa interromperase para corrección de deficiencias.

2.–Nos casos nos que sexa necesaria a corrección de deficiencias nunha actuación sometida ao procedemento simplificado, este feito suporá o sometemento da devandita actuación ao procedemento ordinario que producirá o correspondente cambio no procedemento, polo que non operará o prazo dun (1) mes do silencio administrativo e non se poderán realizar as actuacións solicitadas, en tanto non se conceda a preceptiva licenza municipal.

3.–Se o requirimento non se leva a cabo de forma completa ou se efectúa de maneira insuficiente a licenza será denegada.

#### ARTIGO 37.–AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

1.–As actuacións que se pretendan realizar en terreos ou bens que esixindo a intervención do concello precisen ademais de autorizacións sectoriais doutras administracións consonte coa normativa sectorial de aplicación, deberán achegarse ou xustificar a súa solicitude pola persoa interesada. No caso de que non conte coa devandita autorización o procedemento de tramitación da solicitude por parte do concello quedará en suspenso ata que se lle notifique a este a resolución recaída.

2.–No caso de autorizacións sectoriais que resulten preceptivas e previas á solicitude de licenza, deberán ser achegadas pola persoa interesada. En defecto da devandita autorización previa, as

solicitudes de licenza non serán admitidas e, no seu caso, non se poderá entender iniciado o procedemento.

#### ARTIGO 38.–INFORMES.

1.–A vista da documentación achegada, os servizos municipais emitirán os informes técnicos e xurídicos consonte coa normativa urbanística vixente.

2.–Agás o disposto no artigo 36, cando na instrución do procedemento sexa preceptivo informe de órgano distinto a aquel que ten a competencia para resolver, ou doutra administración, este tramitarase no prazo de 10 días, salvo que unha disposición ou cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor.

#### ARTIGO 39.–SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES.

1.–Con carácter xeral, todas as actividades suxeitas a licenza previa que para a súa implantación precisen da previa realización de obras, tramitaranse simultaneamente, consonte co disposto na normativa urbanística vixente, non resultará de aplicación o procedemento simplificado previsto nesta ordenanza.

2.–Nos casos en que as obras estean suxeitas ao réxime de licenza e a actividade ao de comunicación previa, outorgarase con carácter previo a licenza que autorice a obra e o uso, e unha vez rematadas as obras comunicaráselle ao concello o inicio da actividade, consonte cos modelos normalizados e achegarse a documentación preceptiva.

#### ARTIGO 40.–SUBROGACIÓN.

Durante a tramitación dos procedementos poderá producirse a subrogación dunha ou dun novo solicitante, sempre que se acredite a aceptación do solicitante inicial. A tramitación do expediente continuará a nome da ou do novo titular e partírase o da mesma situación na que se atopaba o anterior.

#### ARTIGO 41.–SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO.

O procedemento administrativo suspenderase, sen prexuízo do establecido, no seu caso, na lexislación sobre procedemento administrativo, nos seguintes casos:

– Cando se precise da obtención de autorizacións sectoriais doutras administracións consonte coa normativa sectorial de aplicación ata que se notifique a resolución recaída.

– A solicitude de informes que sexan preceptivos e vinculantes do contido da resolución a órgano da mesma ou distinta administración, suspenderá o prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución polo tempo que medie entre a petición do informe e a súa recepción, debendo comunicarse ás persoas interesadas tales circunstancias.

– Cando se precise a obtención dun informe por parte dalgunha administración sectorial requirírase á ou ao interesado e quedará en suspenso o procedemento de licenza.

– Durante o prazo outorgado para corrección de deficiencias.

#### ARTIGO 42.–RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

1.–Corrixidas, no seu caso, as deficiencias, emitidos os informes preceptivos e completo o expediente resolverase de:

a) Outorgamento con indicación dos requisitos e, no seu caso, as medidas correctoras que a actuación solicitada deberá cumprir.

b) Denegación coa motivación detalladamente das razóns desta.

2.–Con carácter previo á emisión da resolución constituiranse, cando sexa procedente, os avais necesarios para garantir a execución das obras de urbanización e reparación dos danos en zonas públicas.

3.–A resolución do órgano competente deberá producirse no prazo máximo establecido nesta ordenanza para cada tipo de procedemento, prazo que contará dende a data na que se considere iniciado o expediente.

#### ARTIGO 43.–PRAZOS MÁXIMOS PARA A RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTOS.

O órgano competente deberá outorgar ou denegar as licenzas urbanísticas resolvendo os procedementos no prazo máximo de tres meses, agás para aquelas obras de escasa entidade que o prazo será de un mes, consonte coa normativa urbanística de aplicación, todo isto sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.

Para os efectos do cómputo de prazos, este comeza a contar dende a data de entrada da documentación completa no rexistro municipal. Nese intre considerase iniciado o expediente.

#### ARTIGO 44.–RÉXIME XURÍDICO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO.

Transcorridos os prazos sinalados para resolver as solicitudes de licenza coas interrupcións legalmente procedentes, sen que a administración municipal adoptase resolución expresa operará o silencio administrativo na forma legalmente establecida.

#### ARTIGO 45.–VIXENCIA DAS LICENZAS.

1.–As licenzas urbanísticas outorgaranse con suxeición a un prazo determinado tanto para o inicio como para a finalización de obras e instalacións salvo as referidas ao uso do solo para o exercicio de actividades, que terán vixencia indefinida, sen prexuízo da obriga legal de proceder a súa adaptación á normativa vixente en cada momento.

2.–Os prazos de inicio, terminación e interrupción serán os establecidos na normativa urbanística de aplicación.

3.–Poderán concederse prórrogas dos referidos prazos, logo da solicitude expresa formulada antes da súa conclusión e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística

vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

#### ARTIGO 48.–CADUCIDADE DAS LICENZAS.

1.–A caducidade será declarada por resolución expresa, logo do procedemento con audiencia as persoas interesadas; poderanse adoptarse medidas cautelares de se estimar oportuno.

2.–As licenzas caducarán nos seguintes supostos:

a) Cando non se tivese iniciado a execución das actuacións amparadas por estas no prazo fixado na correspondente licenza ou, no seu defecto, no prazo de seis (6) meses.

b) Cando non se cumprise o prazo de terminación fixado na correspondente licenza ou, no seu defecto o fixado na normativa urbanística de aplicación.

c) Cando a obra ou o funcionamento dunha actividade fose interrompido durante un período superior a seis (6) meses.

3.–Nos supostos establecidos pola lei e polas Normas urbanísticas, poderán concederse licenzas urbanísticas para usos, construcións, edificacións e instalacións de carácter provisional, estas deberán cesar en todo caso e ser demolidas, sen indemnización ningunha, cando o acorde o órgano competente do concello, unha vez extinguido o prazo indicado, se é o caso. A eficacia destas licenzas quedará condicionada á inscrición no Rexistro da Propiedade do carácter precario dos usos, as obras e as instalacións e a súa renuncia a calquera tipo de indemnización polo incremento de valor que puidese xerar a licenza, así como á prestación da garantía por importe mínimo dos custos de demolición e desmantelamento.

#### ARTIGO 49.–EXTINCIÓN DAS LICENZAS.

As circunstancias que determinar a extinción de licenzas son:

a) A renuncia expresa da ou do titular, comunicada por escrito á Administración municipal, e aceptada por esta.

b) A revogación ou anulación da licenza ou clausura definitiva do establecemento por parte da administración municipal, consonte cos procedementos e normativa urbanística vixente.

c) A data de remate do período de tempo fixado na autorización concedida, no caso de licenzas temporais.

d) A solicitude de licenza por distinto titular dun establecemento que xa conte con licenza de apertura ou posta en funcionamento, determinará a extinción automática da licenza preexistente dende o momento que se conceda a nova licenza de apertura ou posta en funcionamento.

e) Anulación desta mesma por resolución xudicial ou administrativa ou suspensión temporal dos seus efectos.

## ARTIGO 50.–LICENZAS CONDICIONADAS A COMPLETAR A URBANIZACIÓN.

1. As licenzas de edificación de nova planta ou de ampliación ou reforma de edificios existentes que se soliciten para terreos que non teñan condición de soar outorgaranse cando se asegure a execución simultánea da urbanización e a edificación

2. A simultaneidade da urbanización e a edificación quedará suxeita ás seguintes fases:

– Antes de achaiar a estrutura da planta baixa deberá terse finalizado o movemento de terras, a explanación dos viarios, a apertura de gabias para o establecemento dos servizos de abastecemento de auga e enerxía eléctricas, telefonía, evacuación de augas, e outras que procedan, e realización das obras perimetrais correspondentes ao viario xeral.

– Antes de achaiar a altura total autorizada haberá de estar finalizada a instalación dos servizos citados así como a pavimentación de calzada e beirarrúas e colocación de farois de iluminación pública.

– Antes de finalizar a edificación deberá estar completada a execución do resto das obras de urbanización, han de estar en funcionamento todos os servizos ata o punto de enlace coas redes xerais e viarias xa establecidas con anterioridade.

3. Con carácter previo ó outorgamento da licenza deberá constituírse unha garantía por importe do 100% do custo das obras de urbanización pendente ou do custo previsible de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra ou actividade, que se devolverá no mesmo acto de outorgamento da licenza de primeira ocupación ou posta en funcionamento, sempre que se tivesen cumprido, total e satisfactoriamente, as obrigas garantidas. No caso de obras das que non é necesaria licenza de primeira ocupación, a garantía devolverase tras a comunicación por parte da ou do interesado do remate das obras, coa presentación de certificado final de obra, sempre que se tivesen cumprido, total e satisfactoriamente, as obrigas garantidas.

## ARTIGO 51.–INICIO DAS OBRAS.

1.–O inicio das obras de nova edificación, ampliación ou reestruturación xeral autorizadas mediante a correspondente licenza urbanística esixe en calquera caso o cumprimento dos seguintes requisitos:

– Presentación no rexistro do Concello do correspondente Proxecto de execución, no caso de que non

se tivese presentado previamente, e a documentación complementaria que proceda.

– Presentación no rexistro do Concello dun documento asinado pola ou polo técnico redactor do proxecto

de execución, onde sinala que o proxecto técnico de execución se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais

– Presentación no rexistro do Concello da comunicación previa de inicio das obras.

2.–O resto das obras, se foron autorizadas co proxecto básico e execución, poderán iniciarse dende o día da notificación da resolución de autorización da licenza . No caso de obras autorizadas co proxecto básico deberá cumprir os mesmos requisitos que as obras de nova edificación.

#### CAPÍTULO IV.–TRATAMENTO DE INCIDENCIAS DURANTE AS OBRAS

##### ARTIGO 51.–COMUNICACIÓN E CAMBIO DE EMPRESA CONSTRUTORA.

Ao comezo das obras comunicáraselle ao concello o nome empresa construtora das mesmas. Se cambiase a empresa encargada da realización da obra, o promotor, dentro do termo de seis (6) días, deberá comunicar tal circunstancia á Administración municipal, mediante escrito conformado polo facultativo director.

##### ARTIGO 52.–EXECUCIÓN DAS LICENZAS E MODIFICACIÓNS DO PROXECTO.

1.–As obras e instalación executaranse consonte co proxecto técnico aprobado e as condicións impostas na licenza.

2.–Se durante o transcurso dunha obra ou durante as tarefas para implantar a actividade fose necesario ou conveniente introducir algunha variación no proxecto, distinguirase se as modificacións son substanciais ou se se trata de variacións de detalle ou derivadas de necesidades estruturais ou das condicións mecánicas do terreo de cimentación, sen que coa súa introdución se desvirtúen as características principais da licenza concedida ou modifícase o uso ou destino proxectado.

3.–Considerase que se altera significativamente o proxecto cando se produzan cambios de uso, cando se vexan afectadas as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, alturas, recuados e separación a lindeiros, número de vivendas, condicións de seguridade e outras similares.

No suposto de que se trate de modificacións substanciais, deberá solicitarse previamente a oportuna licenza, coa documentación esixida.

4.–Se a xuízo da dirección facultativa da obra se tratase de variacións de detalle, poderán continuarse os traballos baixo a responsabilidade da persoa titular da licenza, caso no que deberá presentar as modificacións antes de solicitar a inspección da planta baixa, cornixa e primeira utilización ou posta en funcionamento da actividade, en cada caso e segundo sexa a parte afectada da obra, esixíraselle que coa presentación da solicitude incorpore memoria e planos da situación final da obra ou actividade nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións introducidas.

##### ARTIGO 53.- OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA AO CONCLUÍR AS OBRAS.

1.–Dentro dos dez días seguintes á conclusión dunha obra, a/o propietaria/o deberá:

– Retirar os materiais sobrantes e as estadas, valos e barreiras.



- Construír o piso definitivo das beirarrúas.
- Repoñer ou reparar o pavimento, arboredo, conducións e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados pola obra, se non fose posible verificalo antes, a causa das operacións da construción.

2.–No suposto de incumprimento dalgunha destas obrigas, a autoridade municipal ditará as disposicións oportunas para remediar as deficiencias, repoñer os elementos urbanísticos afectados ou reparar os danos, podendo ordenar a execución dos traballos necesarios con cargo á fianza.

Subsidiariamente, no caso de subrogación, responderá a persoa propietaria da obra ou instalación e, no segundo lugar, o do soar, se este pertence a outra persoa.

3.–O propietario deberá solicitar a preceptiva licenza de primeira ocupación ou utilización coa documentación establecida regulamentariamente

#### ARTIGO 54.–DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA OU INSTALACIÓN.

1.–En toda obra deberase ter a disposición da inspección municipal:

- O documento acreditativo da concesión da licenza ou a súa fotocopia.
- Un exemplar do proxecto aprobado.
- Copia da “Acta de aliñacións e rasantes”.
- Copia do resgardo de presentación do “Proxecto de execución”, comunicación previa de inicio das obras e a declaración responsable asinado pola/o técnico redactor do proxecto.
- Aqueloutra que poida corresponder por razón da obra.

2.–Nas obras maiores deberá figurar un «cartel de obra» en lugar visible con indicación de:

- Nome e apelidos de técnicos directores e de contratista.
- Ordenanza que se aplica.
- Usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas e prazo de execución.
- Data de outorgamento da licenza e número do expediente administrativo.

#### ARTIGO 55.–ABANDONO OU PARALIZACIÓN DAS OBRAS.

No suposto de que as obras quedasen abandonadas ou paralizadas, ou se atopen en situación tal que afecten ao debido ornato público, a autoridade municipal poderá:

a) Ditar ordes de execución ao abeiro do artigo 199 e seguintes da Lei 9/2002.

b) Comunicarlle ao servizo municipal competente para os fins establecidos en materia de edificación forzosa e rexistro municipal de solares.

## CAPÍTULO V.—NORMAS ESPECÍFICAS RELATIVAS A LICENZA PARA INSTALACIÓNS EVENTUAIS OU DESMONTABLES E ACTIVIDADES OCASIONAIS EN TERREOS MUNICIPAIS.

### ARTIGO 56.—ANTELACIÓN.

Toda a documentación requirida para se achegar coa solicitude, consonte figura no anexo da presente ordenanza, deberá estar completa e correcta, ao menos cun mes (1 mes) de antelación á data prevista para a posta en funcionamento da actividade.

### ARTIGO 57.—CONCORRENCIA DE LICENZA COA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

A obtención do título que habilite a concesión ou autorización de ocupación do dominio público será requisito previo para o outorgamento da licenza. Cando non sexa posible autorizar a ocupación do dominio público, procederá a denegación da licenza solicitada.

## TÍTULO IV.—CONTROL POSTERIOR

### CAPÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS

#### ARTIGO 58.—ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1.—Este concello velará polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o que está facultado para comprobar, investigar e inspeccionar as obras e/ou actividades co obxecto de verificar o cumprimento das condicións de funcionamento impostas, a adecuación á normativa que lle resulte aplicable e demais circunstancias que se produzan.

2.—O persoal municipal adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e gozará do estatuto regulado na lexislación urbanística. As persoas interesadas teñen o deber de cooperación para a comprobación administrativa da adecuación das obras e/ou actividades á normativa urbanística aplicable.

3.—O control realizado posteriormente á presentación da comunicación previa, levarano a cabo os servizos municipais no xeito que se determine. Haberán de verificar a efectiva adecuación da actividade á normativa aplicable, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade que, no seu caso, poida iniciarse.

4.—No caso de que se realicen visitas de comprobación da actividade redactarase acta de comprobación. O feito de que se leven a cabo visitas de comprobación formalizadas na acta, non obsta para que administración municipal, en exercicio das facultades que ten atribuídas de

control e inspección, realice con posterioridade as visitas de comprobación que estime oportunas.

#### ARTIGO 59.—ACTA DE COMPROBACIÓN E INFORME DE CONTROL.

1.—A acta de comprobación é aquel documento que se expide co fin de recoller o resultado das actuacións de comprobación e investigación, nos supostos de obras e actividades suxeitas a comunicación previa.

2.—As actas expediranse por duplicado e serán asinadas polo persoal inspector, e, no seu caso, polas persoas ante as que se expidan; estas quedaran notificadas no dito acto mediante achega de copia das actas.

3.—Son informes de control aqueles que se emitan pola inspección, de oficio ou a petición dos interesados, sexan preceptivos ou non consonte co ordenamento xurídico ou resulten necesarios para a aplicación da normativa urbanística.

4.—As actas de comprobación e os informes de control ostentan o carácter de documento público, gozan de presunción de veracidade e constitúen proba dos feitos reflectidos neles, sen prexuízo das probas que, en defensa dos seus dereitos poidan achegar as persoas interesadas.

#### ARTIGO 60.—CONTIDO DO INFORME DE CONTROL OU ACTA DE COMPROBACIÓN.

Tanto a acta de comprobación como o informe de control terán o seguinte contido mínimo:

1.—Identificación do establecemento e actividade.

2.—Identificación da persoa titular ou, no seu defecto, responsable.

3.—Data da realización e das persoas que realizan a actuación de control.

4.—Descrición das actuacións practicadas.

5.—Descrición das modificacións que, no seu caso, se observen nas instalacións, procesos e actividades respecto da documentación técnica presentada xunto coa comunicación previa e/ou declaración responsable.

6.—Incidencias producidas durante a actuación de control.

7.—Axuste ou desaxuste coa documentación técnica presentada.

8.—Achegarase xunto ao informe a seguinte documentación:

8.1.—Plano de situación segundo a cartografía do plan xeral en vigor.

8.2.—Consulta catastral descritiva e gráfica.

8.3.—Reportaxe fotográfica do local inspeccionado.

## ARTIGO 61.- RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR.

Efectuado o control posterior, emitirase informe que poderá ser:

1.–Favorable: cando se comprobase a corrección cualitativa da documentación técnica presentada, e que a actividade/obra se axusta a esta e se exerce de acordo coa normativa en vigor e de aplicación

2.–Con deficiencias: cando fosen emitidos informes técnicos nos que se evidencien incumprimentos normativos corrixibles mediante a imposición de condicións para adaptar, completar ou eliminar aspectos que non requiran da elaboración de documentación técnica, ou que requiríndoa non supoñan unha modificación substancial.

Neste caso darase un prazo de 10 días á/ao titular para que presente unha nova comunicación previa ou declaración responsable, onde sinala que foron realizados os axustes requiridos.

A estes efectos considéranse modificacións substanciais:

– Alteracións da superficie.

– Os incrementos do aforo teórico total establecido en función dos valores de densidade fixados polas normas de protección contra incendios.

– As redistribucións espaciais significativas tales como aumento de percorridos de evacuación, diminucións de altura nalgún punto do establecemento, alteracións que empeoren as condicións de accesibilidade ou eliminación de barreiras, ou cambio de uso nalgunhas dependencias, ou outras análogas.

– O aumento significativo da carga de lume no establecemento ou nalgunha das súas partes, de xeito que altere o nivel de risco do local de conformidade coa normativa de protección contra incendios.

– Calquera alteración que supoña un aumento do nivel sonoro máximo autorizado, unha diminución do illamento ou da protección contra incendios.

– Ampliacións ou modificacións das instalacións de electricidade, calefacción, refrixeración ou ventilación, salvo que se trate da substitución dun equipo por outro na mesma localización, de igual ou menor nivel sonoro ou potencia mecánica.

– Calquera outra alteración, modificación, ampliación ou substitución de elementos que poida implicar o incumprimento das esixencias establecidas no título habilitante.

3.–Desfavorable: cando fosen emitidos informes técnicos que evidencien incumprimentos normativos que excedan dos sinalados no apartado anterior, tanto na documentación técnica presentada como na ctividade implantada.

Neste caso, notificaráselle esta circunstancia á/ao solicitante e indicaránselle que debe de absterse de executar a súa actuación, concedéndolle trámite de audiencia por prazo de 15días, con carácter previo á resolución de arquivo do expediente. Todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos da reposición da legalidade urbanística.

## ARTIGO 62.–SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE.

1.–As actividades previstas na presente Ordenanza poderán ser obxecto de suspensión nos supostos que non sexan exercidas de acordo cos requisitos establecidos na normativa aplicable en cada caso.

2.–As denuncias que se formulen poderán dar lugar á apertura das dilixencias correspondentes a fin de comprobar a veracidade dos feitos denunciados.

3.–As actividades que se exerzan sen a presentación da correspondente comunicación previa, así como as que contraveñan as medidas correctoras que se determinaron, serán suspendidas pola Administración desde o mesmo momento en que se teña coñecementos de tales irregularidades.

4.–Así mesmo, a comprobación por parte da Administración Local da inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se achegue, así como do incumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o mesmo momento en que se teña constancia expresa dos feitos e sen prexuízo do procedemento sancionador que se poida incoar como consecuencia de tales feitos.

## CAPÍTULO II.–RÉXIME SANCIONADOR

### SECCIÓN 1.ª.–INFRACCIÓN, TIPIFICACIÓN E PERSOAS RESPONSABLES

#### ARTIGO 63.–INFRACCIÓN.

1.–Ademais das infraccións tipificadas pola normativa urbanística e sectorial de aplicación, teñen a consideración de infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as normas contidas na presente ordenanza, así como a desobediencia dos mandatos e requirimentos da Administración municipal ou dos seus axentes ditados en aplicación desta.

2.–As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves, de conformidade coa tipificación establecida nos artigos seguintes.

3.–Se como resultado da comprobación posterior, resultase que a actividade e/ou obra inspeccionada non é autorizable mediante os procedementos de comunicación previa, a acción administrativa de reposición da legalidade urbanística e a potestade sancionadora exerceranse mediante os procedementos establecidos na lexislación urbanística.

#### ARTIGO 64.- TIPIFICACIÓN DAS INFRACCIÓN.

Sen prexuízo do disposto na normativa urbanística e sectorial de aplicación, as infraccións cualifícanse como moi graves, graves e leves consonte o disposto nos seguintes apartados:

1.–Considerase infracción moi grave:

A falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento incorporada ás solicitudes tramitadas de conformidade con esta ordenanza.

2.–Considéranse infraccións graves:

a) O exercicio da actividade ou a modificación substancial dos establecementos e das súas instalacións sen contar con comunicación previa que faculte para o inicio das obras, exercicio da actividade ou recoñecemento de dereitos.

b) O exercicio da actividade co incumprimento dos requisitos esixidos na normativa vixente e que de maneira expresa se relacionan na comunicación previa ou declaración responsable.

c) O mal estado dos establecementos públicos en materia de seguridade ou salubridade, co incumprimento das esixencias declaradas na comunicación previa ou declaración responsable.

d) A dedicación dos establecementos a actividades distintas ás declaradas ou comunicadas á o Concello n cando o uso desenvolvido estea incluído en distinta categoría e requira maior nivel de esixencia respecto das medidas de seguridade, sempre que ambas estean sometidas a comunicación previa.

3.–Considéranse infraccións leves:

a) A dedicación dos establecementos a actividades distintas ás declaradas ou comunicadas á administración cando o uso desenvolvido de feito estea incluído na mesma categoría de usos e requira o mesmo ou menor nivel de esixencia respecto das medidas de seguridade, sempre que ambas estean sometidas a comunicación previa ou declaración responsable.

b) Calquera incumprimento do establecido na presente ordenanza e nas leis e disposicións regulamentarias ás que se remita, sempre que non estea tipificado como infracción moi grave ou grave.

#### ARTIGO 65.–PERSOAS RESPONSABLES.

1.–Son persoas responsables das infraccións, atendendo ás circunstancias concorrentes, quen realicen as condutas infractoras, e en particular, segundo o caso:

a) Promotores das obras.

b) Propietarios dos terreos.

c) Titulares das actividades ou encargados da súa explotación técnica e económica.

d) Técnicos redactores de proxectos ou documentación técnica e directores de obra.

2.–Cando no cumprimento das obrigas establecidas na presente ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma individualizada das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan.

3.–No caso de extinción de persoas xurídicas, poderá esixirse subsidiariamente a responsabilidade ás/aos seus administradores.

4.–De seren responsables das infraccións técnicos para cuxo exercicio profesional requiran de estaren colexiados, os feitos poranse en coñecemento do correspondente colexio profesional para que adopte as medidas que considere procedentes.

5.Cando con ocasión da tramitación dos expedientes administrativos que se instrúan por infracción urbanística se desprendan indicios do carácter de ilícito penal dos feitos, porase en coñecemento do Ministerio Fiscal para os efectos da esixencia da responsabilidades oportunas. De de ser o caso, suspenderase a tramitación do expediente en tanto non recaia resolución do Ministerio Fiscal ou resolución xudicial firme.

#### ARTIGO 66–PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

